

2º CURSO DE ESO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (OBJECTIVOS DE APRENDIZAXE) E **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO.**

A avaliación da aprendizaxe ha de efectuarse mediante o uso de instrumentos e procedementos adecuados ao que se pretende medir ou observar. Os instrumentos e procedementos deben ser variados e orientadores.

Para a avaliación do proceso, precísase ser crítico e á vez reflexivo, cuestionando constantemente o que se fai, e procurando analizar os principais elementos que poden distorsionar o proceso educativo; desta forma poderemos identificar os problemas e intentar pór remedio na medida das nosas posibilidades.

A avaliación ha de vir marcada polos tres momentos, citados anteriormente, que definen o proceso continuo de ensino-aprendizaxe:

Seguindo a lexislación vixente, os criterios de avaliación establecidos para o 2º curso da ESO son os seguintes:

Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar

- Escoitar de forma activa, comprender, interpretar e valorar textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo ou escolar, e social.
- Escoitar de xeito activo, comprender, interpretar e valorar textos orais de diferente tipo-
- Comprender o sentido global de textos orais.
- Aprender a falar en público, en situacións formais e informais, de xeito individual ou en grupo.
- Participar e valorar a intervención en debates, coloquios e conversas espontáneas.

Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir

- Aplicar estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos.
- Ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes.
- Procurar e manexar información, na biblioteca e noutras fontes, en papel ou dixital, para integrala nun proceso de aprendizaxe continua.
- Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.
- Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso.

Bloque 3. Coñecemento da lingua

- Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos, e para a composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos.
- Recoñecer e clasificar as categorías gramaticais.
- Recoñecer a estrutura dunha oración e analizar sintacticamente os compoñentes principais.
- Comprender o significado das palabras en toda a súa extensión para recoñecer e

diferenciar os usos obxectivos dos subxectivos.

- Comprender e valorar as relacións de igualdade e de contrariedade que se establecen entre as palabras e o seu uso no discurso oral e escrito.
- Recoñecer os cambios de significado que afectan a palabra no texto: metáfora, metonimia, palabras tabú e eufemismos.
- Identificar os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna presentes nos textos, recoñecendo a súa función na organización do contido do discurso.
- Identificar a intención comunicativa da persoa que fala ou escribe.
- Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
- Identificar e analizar os constituíntes da oración simple.
- Recoñecer e valorar a diversidade lingüística, con especial atención á realidade galega.
- B3.9. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.

Bloque 4. Educación literaria

- Ler fragmentos ou obras da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás afeccións, amosando interese pola lectura.
- Promover a reflexión sobre a conexión entre a literatura e o resto das artes (música, pintura, cine, etc.), como expresión do sentimento humano, analizando e relacionando obras literarias, musicais e arquitectónicas, e personaxes, temas, etc. de todas as épocas.
- Coñecer os trazos caracterizadores básicos do xénero lírico, narrativo e dramático.
- Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios.
- Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.

A cualificación global da avaliación será o resultado de ponderar os seguintes apartados:

EXAMES OU PROBAS ESCRITAS: Con carácter xeral, realizarase como mínimo un exame por avaliación sobre os contidos establecidos nesta programación. No caso de realizar dúas probas, a media de ambas suporá o 70% da nota final da avaliación. A nota mínima que o alumno debe acadar en cada exame parcial para establecer a nota media é de 3,5. Se a nota é inferior a 3,5 en calquera das probas, non se fará media coas demais e considerárase dita avaliación non superada ou suspensa.

OBSERVACIÓN DIRECTA: Valorárase o traballo diario, o interese do alumno

pola materia, a actitude, a participación en clase, a boa presentación, limpeza e orde dos traballos, cadernos, etc.: 15%

Neste apartado valorarase que a actitude do alumno se axuste ás normas de convivencia do centro; que acuda a clase co material, o utilice na aula e o conserve en bo estado; a presentación dun caderno pulcro, ordenado e con todos os exercicios feitos na clase.

LIBRO DE LECTURA: Destinarase un 15% da cualificación á lectura e axeitada asimilación e aproveitamento da mesma.

LECTURAS VOLUNTARIAS: O profesor poderá propoñer unha lectura voluntaria por avaliación que pode sumar ata 0.5 puntos á cualificación final do trimestre (sexo esta aprobada ou suspensa). Só poderán presentarse ao exame de lectura voluntaria aqueles alumnos que teñan superado a lectura obrigatoria.

PENALIZACIÓNS POR FALTAS DE ORTOGRAFÍA: Descontarase 0,05 puntos por cada til incorrecto e 0.1 polas restantes faltas de ortografía, ata un máximo de 2 puntos. As incorreccións ortográficas repetidas penalizan como únicas. Tamén se terá en conta a presentación (limpeza, sangría, marxe...), coherencia e expresión empregada nas probas escritas podendo penalizarse ata un máximo de 1 punto.

NOTA DA AVALIACIÓN: A nota mínima, una vez feitas as medias e ponderacións pertinentes, que se establece como aprobado será un 5.

Poderanse establecer recuperacións en cada avaliación e/ou a final de curso para aqueles alumnos que non acaden o 5.

NOTA FINAL DE XUÑO: Será a media aritmética das tres avaliacións.

Para a avaliación extraordinaria de setembro só se terá en conta o exame realizado e non se incluírá ningunha obra de lectura.

O Departamento determina, para todos os niveis, que **haberá penalización para o alumnado que sexa sorprendido copiando**, durante os exames ou calquera outra proba avaliable, incluso cando isto se demostre unha vez rematada a proba. Nesta circunstancia a proba será cualificada cun 0. O plaxio na elaboración de traballos terá a mesma penalización. Queda prohibido o uso de bolígrafos borrables.

APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA.

LCLB1.2.1. Comprende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descritiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante, así como a súa estrutura e as estratexias de cohesión textual oral.

LCLB1.2.3. Utiliza progresivamente os instrumentos adecuados para localizar o significado de palabras ou enunciados descoñecidos (demanda axuda, procura en dicionarios, lembra o contexto en que aparece, etc.).

LCLB1.2.4. Resume textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos de forma clara, recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen lxicamente e semanticamente.

LCLB1.3.1. Observa e analiza as intervencións particulares de cada participante nun debate tendo en conta o ton empregado, a linguaxe que se utiliza, o contido e o grao de respecto cara ás opinións das demais persoas.

LCLB1.5.1. Realiza presentacións orais.

LCLB1.5.2. Realiza intervencións non planificadas dentro da aula, analizando e comparando as similitudes e as diferenzas entre discursos formais e espontáneos.

LCLB1.5.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal da lingua nas súas prácticas orais.

LCLB2.1.3. Relaciona a información explícita e implícita dun texto, e pon en relación co contexto.

LCLB2.2.1. Localiza, relaciona e secuencia informacións explícitas e implícitas nun texto, e deduce informacións ou valoracións implícitas.

LCLB2.3.1. Utiliza de xeito autónomo diversas fontes de información integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.

LCLB2.4.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.) e redacta borradores de escritura.

LCLB2.4.2. Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.

LCLB2.5.1. Escribe textos propios do ámbito persoal e familiar, escolar ou educativo e social, imitando textos modelo.

LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.

LCLB3.3.1. Recoñece e usa sinónimos e antónimos dunha palabra, e explica o seu uso concreto nunha frase ou nun texto oral ou escrito.

LCLB3.4.2. Recoñece e explica os fenómenos contextuais que afectan o significado global das palabras: tabú e eufemismo.

LCLB3.4.1. Recoñece e explica o uso metafórico e metonímico das palabras nunha frase ou nun texto oral ou escrito.

LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses.

LCLB4.2.2. Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo de diversos períodos histórico-literarios ata a actualidade.

LCLB4.3.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as.

LCLB4.4.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.